



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 18.12.2025**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles do campus de Vigo

DATA: 18.12.2025

HORA DE COMEZO: 16:15 h.

HORA DE REMATE: 19:15 h.

Asisten:

Atanes Limia, Xosé Manuel

Graña Nogueiras, Jesús

Lesmes Romero, Yolanda

Martiño Gómez, Antonio

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculpan asistencia:

Fernández Zunzunegui, Emilio

Macho Senra, Antonio

Martínez Alonso, David



O xoves, día 18 de decembro de 2025, ás 16:15 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13.10.2025).
2. Informe do presidente. Transparencia 2025 UVigo.
3. Informe da Xerencia. Auditoría do Plan de medidas antifraude da UVigo.
4. Informes solicitados á Xerencia no pleno do pasado mes de novembro:
 - Explicación do novo criterio aplicable sobre a composición das débedas de dubidoso cobro.
 - Actuacións e calendario previstos para solucionar a salvedade relativa ao inventario da UVigo.
 - Actuacións e calendario a desenvolver para normalizar a situación de terreos da UVigo.
 - Explicación das causas da ausencia de control horario na UVigo.
5. Outros asuntos pendentes de información da Xerencia:
 - Evolución e situación das medidas correctoras aplicadas ás recomendacións do Consello de Contas.
 - Aproveitamento da auditoría operativa sobre o capítulo I. Informe sobre a aplicación de medidas.
6. Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2026. Elevación ao Pleno.
7. Acordo sobre a proposta de orzamento da UVigo para o exercicio 2026. Elevación ao Pleno.
8. Orzamento do Consello Social para o exercicio 2026. Estimación do peche do exercicio 2025.
9. Aprobación definitiva, se procede, da creación e participación da UVigo na empresa Spin-off NexoInn (Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025).
10. Convenios asinados pola UVigo correspondentes aos meses de setembro, outubro e novembro.
11. Rogos e preguntas.

Agradece o presidente da comisión a asistencia dos presentes e a implicación nas responsabilidades que teñen asumidas. Así mesmo explica os cambios producidos na data e nos horarios da convocatoria para conciliar no posible a axenda dos membros.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13.10.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente. Transparencia 2025 UVigo.

Subliña o presidente a importancia da Fundación Haz, unha organización sen ánimo de lucro que co seu traballo permite coñecer o grao de transparencia de cada universidade, ademais de ofrecer aos Consellos Sociais ferramentas útiles para avaliar, esixir e promover melloras nese ámbito, e que acaba de facer público o informe dos resultados da análise de 2025 (do que se entregou copia aos membros), no que se conclúe que a UVigo está entre as universidades máis transparentes do estado, cun 98% de cumprimento.

Destaca que dos 31 indicadores medidos pola Fundación, a UVigo cumpre 30, tendo soamente pendente o referido a non ter un responsable de *compliance*. Juan Manuel Vieites engade que no apartado que dedica a este asunto, a Fundación, ademais de identificar ao responsable ou órgano que ten encomendada esta función e as súas competencias, deixa clara a dependencia do Consello Social, "como esixe a LOSU".

Enlaza este punto 2 co punto 3 no que se presenta a auditoría das medidas antifraude, que amosa un elevado grao de cumprimento da UVigo, "pero que incide tamén de forma reiterada na gran debilidade que comporta a ausencia de nomeamento formal do responsable de cumprimento".

Lembra neste punto o artigo 47.2.I da LOSU, que indica como función do Consello Social "Velar polo cumprimento dos principios éticos e de integridade académica, así como das directrices antifraude....."



Polo dito, o presidente valora de xeito necesario e moi positivo abordar esta cuestión dende as dúas perspectivas diferentes con que se tratan nesta sesión. Adianta que o informe de Transparencia será presentado no próximo Pleno, e agradece á xerente a presentación da auditoría das medidas antifraude.

PUNTO 3

Informe da Xerencia. Auditoría do Plan de medidas antifraude da UVigo.

Expón a xerente (con apoio audiovisual) o contexto e a metodoloxía de avaliación coa que se fixo a auditoría, as áreas avaliadas e os niveis de cumprimento que globalmente acadan o 92,7%. Yolanda Lesmes declárase "satisfeita" coa auditoría porque marca unha liña clara, e "tranquila" á vista do resultado polo elevado grao de cumprimento fronte ao risco.

A xerente resposta a distintas consultas, reflexións e observacións de Jesús Graña, Xosé Manuel Atanes e Antonio Martiño valorando a situación da UVigo, as medidas de prevención, detección e persecución, e as recomendacións da auditora. Finalmente comparte a importancia de nomear canto antes a un responsable de cumprimento, e establecer xa o modelo e o perfil máis convinte.

- **A comisión dáse por informada e remite o asunto ao Pleno.**

Lembra o presidente que no pasado Pleno solicitáronse á Xerencia unha serie de informes sobre distintos asuntos, que se abordan e expoñen nos dous seguintes puntos: 4 e 5

PUNTO 4

Informes solicitados á Xerencia no pleno do pasado mes de novembro:

- *Explicación do novo criterio aplicable sobre a composición das débedas de dubidoso cobro.*
- *Actuacións e calendario previstos para solucionar a salvedade relativa ao inventario da UVigo.*
- *Actuacións e calendario a desenvolver para normalizar a situación de terreos da UVigo.*
- *Explicación das causas da ausencia de control horario na UVigo.*

Juan Manuel Vieites introduce os asuntos pendentes consonte se recollen na orde do día, aos que aporta as oportunas explicacións da xerente.

- Sobre as débedas de dubidoso cobro, a xerente aclara que as que corresponden a particulares representan unha parte "ínfima", e que o criterio que se mantén é prudente porque as administracións cumpren e sempre se cobran, polo que estas débedas non entrañan risco.

- Sobre a petición á Xerencia dun plan de actuación a medio prazo -claro e rigoroso- sobre a situación dos terreos da UVigo, e os pasos que se están a dar actualmente para normalizar todas as instalacións, Yolanda Lesmes remítese á documentación que achega dando conta da localización temporal do desfase e das causas así como da información catastral e rexistral que falta, polo que se encargou xa a unha empresa a obtención, verificación e sistematización da información rexistral e catastral asociada aos bens inmoables vinculados á UVigo, para unha labor que prevé "longa".

Juan Manuel Vieites agradece a información e eloxia o avance para poñer en orde a propiedade e a situación dos terreos e edificios. Pide que na seguinte reunión se dea conta da actividade e os avances da empresa contratada.

- No que respecta ao inventario, e "á vista de que a solución para eliminar a salvedade está exposta e unicamente queda actualizar os datos para que nas contas anuais de 2025 quede xa arranxado", o presidente solicita que -cando se presenten as contas de 2025- se informe nesta comisión e na memoria dos desfases corrixidos, para evitar novas salvedades futuras.

- En canto aos controis horarios e á avaliación de desempeño, pedíase á Xerencia que explicase os motivos polos que a UVigo e a única que non ten implementados estes mecanismos (o que impide iniciativas como o teletraballo ou medidas de conciliación laboral), fronte ás universidades de Coruña e Santiago que xa cumpren con esta lexislación. Yolanda Lesmes dá conta da existencia dun prego de prescricións técnicas para cando se decida poñelo en marcha, se ben admite a existencia de certas resistencias á implantación.

- **A comisión dáse por informada.**



PUNTO 5

Outros asuntos pendentes de información da Xerencia:

- *Evolución e situación das medidas correctoras aplicadas ás recomendacións do Consello de Contas.*
- *Aproveitamento da auditoría operativa sobre o capítulo I. Informe sobre a aplicación de medidas.*

Aclara o presidente que os asuntos recollidos neste punto -sobre os que se solicitou información- teñen en común a incidencia no gasto de persoal.

- Respecto á petición de que a Xerencia actualice as medidas correctoras para atender as recomendacións do Consello de Contas á UVigo, e á vista da documentación remitida, Juan Manuel Vieites advirte que non se teñen producido avances en ningunha das medidas, e que unicamente varía a baixada do Fondo de Continxencia que pasa de un millón de euros nos exercicios 2024 e 2025 a 400.000 € no orzamento para 2026, "polo que se volve á mesma situación na que o Consello de Contas recomendaba incrementar. Pide finalmente que se avance no cumprimento das recomendacións, tal e como ven reclamando a comisión dende setembro de 2024.

- Doutra parte lembra o presidente a observación recollida na auditoría operativa encargada polo Consello Social sobre o capítulo 1, na que se advertía a "necesidade de que a UVigo mellore os controis tanto no proceso de contratación de persoal investigador como no cumprimento da lexislación vixente en materia de control horario e avaliación de desempeño".

Explica a xerente que o axuste afectou de xeito xeral a todos os capítulos de gasto, incluído o Fondo de Continxencia.

Manifesta así mesmo que se ten mellorado moito no control de contratación de investigadores e que se están centrando esforzos nos recursos humanos, e desvela as áreas nas que se están levando a cabo negociacións.

O presidente agradece as aportacións e aproveita para reiterar que quedan pendentes de liquidación os remanentes existentes de FEUGA (e o compromiso da Xerencia de telo resolto en outubro de 2026) e a comparativa do remanente de Tesouraría entre os exercicios 2023-2024 (aprazado a petición da Xerencia ao próximo mes de febreiro).

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 6

Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2026. Elevación ao Pleno.

Introduce o presidente este punto comentando que a responsabilidade de aprobar o orzamento da universidade non implica unha función de xestión económica directa, pero si outorga ao Consello Social un papel crítico de control estratéxico e de fiscalización. A través da análise debe garantir que a universidade actúe con criterios de sostibilidade financeira, eficiencia no uso dos recursos públicos, coherencia estratéxica e transparencia ante a sociedade. Apunta que ese é o obxectivo da comisión, que exerce esa competencia con apoio técnico especializado, para analizar con maior profundidade os documentos, ser de utilidade aos equipos económicos da universidade e facilitar ao Pleno unha proposta fundamentada. Nesa liña de colaboración formula neste punto dúas observacións polas que conclúe que o teito de gasto a aprobar debería ser de 179.615.146,30 € en vez de 181.993.190,93 € proposto, o que supón unha diferenza de -2.378.044,63 €. Pide que se revise, entre outras razóns porque o incremento do teito de gasto aprobado pola Xunta para 2026 é do 1,6%, non do 3% como se recolle na proposta remitida.

A xerente explica o criterio seguido para a elaboración do documento, e aclara que en todo caso queda por debaixo do 1,6%.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 7

Acordo sobre a proposta de orzamento da UVigo para o exercicio 2026. Elevación ao Pleno.

Con soporte de distintas táboas e comparativas gráficas, o presidente desagrega unha serie de comentarios, suxestións e advertencias, basicamente nos seguintes epígrafes:

a) **Masa salarial 2026.**- O PFSUG incrementase en +1,22% o que revela que o plan se incrementa máis ca masa salarial, e finánciase coas aportacións da Xunta. O problema detectado é que a masa salarial calculada segundo os datos do orzamento que aparece reflectida no capítulo 1 de gastos é superior á masa salarial autorizada pola Xunta, polo que se require unha aclaración respecto diso.



b) **Ingresos por matrícula.**- Prevense ingresos de 13.284.951 € respecto aos 12.000.000 € de 2025. Pídese explicación do incremento de 1.284.951 € (0,71%) cando se esperan menos alumnos, e coñecer a previsión de peche de 2025 para validar se a cifra é coherente.

c) **Remanente de tesouraría de libre disposición.**- Segundo a proposta, utilizarase para financiar o orzamento de gastos un remanente de libre disposición de 7.519.534 €, cando o pasado exercicio non se utilizou de inicio nada de remanente de libre disposición, o que representa un gran incremento que debería xustificarse.

Juan Manuel Vieites advirte do risco de que se parta da premisa de executar remanente de libre disposición o que pode provocar un desequilibrio no peche do exercicio 2026, "situación que esta comisión sempre ten presente para procurar evitar que o remanente de tesouraría dispoñible sexa negativo". A Xerencia non desbota o risco de déficit ao expor un uso previsto de remanente de tesouraría dispoñible para financiar o orzamento de gastos ordinarios do exercicio 2026.

Recoñece a xerente que o capítulo I está *tensionado* pero controlado, e que a UVigo está fóra da masa salarial dende 2023, o que atribúe a necesidades do profesorado con incrementos retributivos que se consolidaron pero non se recoñeceron, e polo crecemento vexetativo.

Respecto da matrícula expón que o crecemento se referencia á estimación de ingresos da formación permanente, e ao aumento de matrícula en titulacións con vacantes.

No tocante ao remanente, o xustifica Yolanda Lesmes polo financiamento estrutural como unha das principais razón, e acentúa que se está a controlar o gasto para non caer en déficit.

No tocante ás **Normas de execución** a comisión pide a retirada ou modificación de dous textos:

- Disposición adicional primeira:

("Apróbanse as tarifas de servizos contidas no anexo III. No caso de aprobación da prestación dun novo servizo que deba ser obxecto de pagamento dun prezo público polas persoas usuarias, autorízase ao Consello de Goberno a aprobar a tarifa correspondente de xeito provisional ata a aprobación do orzamento do seguinte exercicio.")

Enténdese que implicaría unha minoración das potestades do Consello Social que é quen autoriza os prezos e os cambios nas tarifas.

- Disposición adicional segunda:

("Autorízase ao reitor a actuar en representación da Universidade de Vigo, para asinar as operacións de empréstito que se tivesen acordado e autorizado polos órganos competentes, segundo o establecido na lexislación vixente.")

Xa en 2023 acordouse -por considerala innecesaria dadas as competencias no caso de ter que acudir a financiación allea-, a eliminación da mesma disposición, que tamén foi retirada nas normas de 2025.

A xerente acepta a retirada da segunda disposición, e no caso da primeira que figure Consello Social onde pon Consello de Goberno.

Juan M. Vieites e Jesús Graña interésanse pola disposición adicional pola que se recoñecen retribucións complementarias para profesorado con praza vinculada, na contía transferida polo Sergas á UVigo. Explica e xustifica a xerente os termos da disposición e as circunstancias dos docentes.

Jesús Graña expón reparos á redacción do artigo 16 das Normas, que se revisará nunha próxima comisión.

- **A comisión informa favorablemente para aprobación.**

PUNTO 8

Orzamento do Consello Social para o exercicio 2026. Estimación do peche do exercicio 2025.

Lembra Juan Manuel Vieites que o artigo 86 da Lei do SUG di que o Consello Social xestionará a súa partida orzamentaria específica, e que se garantirá en todo caso a suficiencia financeira dos recursos asinados, e subliña que o Consello Social mantén o mesmo orzamento dende hai 14 anos.

Engade o presidente que o artigo 86 tamén di que cada universidade garantirá que o Consello Social dispoña do persoal adecuado para o seu funcionamento, e que no caso de Vigo empeza a ser patente que os medios actuais son moi xustos para dar resposta a crecente e progresiva actividade administrativa e operativa diaria, polo que se fai preciso implementar o apoio de solucións externas e provisionais de xeito continuado, e outras accións improvisadas que axuden na xestión. Pide que se busquen solucións estables e que se anote como tarefa pendente por parte do equipo de goberno e da área económica da UVigo, máis tendo en conta as obrigas que foron asumindo os CCSS nos últimos anos, e sobre todo o gran salto dado neste último ano no que



están a incorporar maiores competencias, obrigacións e compromisos, que xa a LOSU lles recoñece dende unha quintupla perspectiva:

- Como órganos de goberno da universidade.
- Como órganos de participación e representación da sociedade.
- Como espazos de colaboración universidade-sociedade.
- Como instrumento para fomentar unha cultura ética e transparente na universidade.
- E como espazos de rendición de contas.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 9

Aprobación definitiva, se procede, da creación e participación da UVigo na empresa Spin-off NexoInn (Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025).

Notifica o presidente que o Consello de Goberno remite este punto para aprobación definitiva, e que non presenta modificacións respecto da aprobación inicial efectuada nesta mesma comisión na reunión do pasado mes de outubro.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 10

Convenios asinados pola UVigo correspondentes aos meses de setembro, outubro e novembro.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 11

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 19:15 horas do 18 de decembro de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)